



## **INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO ACADÉMICO 2012-2013.**

Por Decreto 30/2007, do 15 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia do 16 de marzo, régúlese a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante o Decreto), e por Orde do 17 de marzo de 2007, publicada no DOG do 19 (corrección de erros no DOG do 4 de abril), régúlese o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (en adiante a Orde).

A sentenza 1296/2010, do 17 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, declara a nulidade de pleno dereito do artigo 9.2 do Decreto, así como a inaplicación dalgúns outros preceptos da mesma norma a centros privados concertados. En coherencia xurídica con ela, por sentenza 1477/2010, do 22 de decembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, declárase a nulidade de pleno dereito e a inaplicabilidade de diversos preceptos da orde que desenvolve o decreto.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta norma, nos capítulos III e IV (artigos 15 e seguintes), refírese ás distintas modalidades de escolarización e a súa promoción, garantindo, entre outros, o dereito das familias acolledoras de alumnado sometido a medidas de protección e tutela a unha praza escolar no centro no que estea outro alumnado dependente delas.

Co obxectivo de facilitar o proceso de admisión en centros docentes públicos e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2012/2013, en tanto esta Administración non culmina a adaptación da normativa ás referidas sentenzas, esta dirección xeral dita as seguintes,

### **INSTRUCCIÓNS:**

**Primeira.-** O prazo de presentación de solicitudes de admisión abrangue dende o día 1 de marzo ata o día 10 de abril de 2012, ámbolos dous inclusive.

**Segunda.1.-** De conformidade co artigo 7.2 do Decreto, a solicitude axustada ao modelo oficial anexo II da Orde do 17 de marzo, será única e presentarase no centro que se solicita en primeiro lugar, sen prexuízo para os centros públicos, do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

**2.** Deberá ter rexistro de entrada e, se é o caso, de saída, que acrediten a súa recepción e remisión, en todos os centros educativos públicos e privados concertados.

**3.** No suposto que, debido a un erro, se presente máis dunha solicitude para unha mesma ensinanza no mesmo ou diferentes centros, a orde de prelación determinarase atendendo á/s data/as de rexistro de entrada no/s centro/s.



Se non fose posible establecer a orde de preferencia conforme ao parágrafo anterior, requirirase á persoa interesada para que a sinala no prazo urxente de 5 días. De non facelo, terase en conta a solicitude que conste rexistrada en primeiro lugar na base de datos desta consellería.

**4.-** No caso de separación legal dos proxenitores, a solicitude de admisión e, se é o caso, a de cambio de centro educativo (por ser actos de exercizo extraordinario da patria potestade), terá que asinarse polos dous proxenitores, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo.

**Terceira.-** De conformidade co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 26 do Decreto e no artigo 15.2 da Orde, as direccións dos centros públicos e os/as titulares dos centros privados concertados porán ao dispor da Administración educativa tres postos escolares por unidade para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, nos seguintes cursos:

- ◆ 1º curso do segundo ciclo da educación infantil.
- ◆ 1º curso de educación primaria.
- ◆ 1º curso da educación secundaria obrigatoria.

Con respecto á escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, será de aplicación o criterio e a reserva de prazas prevista no artigo 17 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

**Cuarta.- 1.-** Na solicitude de admisión, na columna **"Puntuación" (folia 2 do Anexo II da Orde)**, os/as solicitantes deben cubrir os datos numéricos, realizando unha autobarefacción.

**2.-** No caso dos centros con máis demanda que oferta de prazas escolares, a Xefatura Territorial remitirá, con anterioridade á celebración dos respectivos consellos escolares, os resultados da verificación do domicilio fiscal e da renda da unidade familiar.

**3.-** Os consellos escolares dos centros públicos e os/as titulares dos centros privados concertados, responsables da barefacción e do proceso de admisión, comprobarán a documentación acreditativa dos criterios alegados, revisarán as puntuacións declaradas polo solicitante e procederán a ratificar ou rectificar as puntuacións parciais e total e, se é o caso, a solicitar a documentación complementaria prevista no artigo 21.4 da Orde.

**4.-** De conformidade co artigo 27.3 do Decreto 229/2011, garantirase ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo no que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, nas condicións que determina o precepto citado.

**5.-** As solicitudes presentadas fóra do prazo de admisión nos centros privados concertados, adxudicaranse por proposta motivado da titularidade, logo do informe favorable do inspector ou inspectora que lle corresponda. O informe desfavorable deberá motivarse.

**Quinta.1.-** Considerarase como domicilio familiar o habitual de residencia dos representantes legais do alumnado ou, se é o caso, o das alumnas e alumnos maiores de idade ou menores emancipados/as se viven en domicilios distintos daqueles.



2. Cando os representantes legais vivan en domicilios diferentes, considerarase como domicilio familiar o daquel con quen conviva.

3. De conformidade co establecido no artigo 21.4 da Orde, o domicilio familiar acreditarase mediante "**certificado de empadramento municipal**" no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel.

Naqueles centros en que haxa máis demanda que oferta de prazas, as direccións dos centros docentes públicos e as/os titulares dos centros privados concertados solicitarán á Xefatura Territorial correspondente que verifique que os datos de identificación fiscal emitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, coinciden cos achegados polo certificado do padrón.

4.- Excepcionalmente, pode considerarse como domicilio familiar o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante **certificación específica** expedida, para tal efecto, polo concello, a partires de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

A devandita certificación específica poderá requirirse ao amparo do artigo 84.4 da Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que establece que a administración educativa poderá solicitar a colaboración doutras instancias administrativas para garantir a autenticidade dos datos que as persoas interesadas e os centros acheguen no proceso de admisión do alumnado.

**Sexta.1.-** De conformidade co artigo 22.5 da Orde, para a valoración da renda da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible, no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) da/s correspondente/s declaración/s do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2010.

2.- Para a aplicación da puntuación deste criterio, prevista no artigo 30 da Orde, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2010, que está cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias (Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2010, BOE do 24).

**Sétima.-** Conforme co establecido no artigo 16.4 do Decreto, os centros públicos adscritos a outros centros públicos, que impartan etapas diferentes, consideraranse centros únicos para os efectos de aplicación dos criterios de admisión. Isto non implica que cando dous ou máis CEIP estean adscritos a un mesmo IES, todos os centros de educación infantil e primaria deban ter a mesma área de influencia.

**Oitava.1-** De conformidade coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 01296/2010, do 17 de novembro de 2010, o artigo 9.2 do Decreto, declárase nulo de pleno de pleno dereito. En consecuencia asignarase a puntuación por irmás matriculados no



centro educativo, con independencia de que o nivel educativo no que cursen os estudos estea concertado ou non.

A mesma sentenza, declara inaplicables aos centros privados concertados os artigos 7.5 e 31.1, letras e), f), g) da norma.

**2.** A sentenza 01477/2010, do TSXG do 22 de decembro de 2010, declara a nulidade o artigo 19.2 da Orde, co mesmo contido que o do 9.2 do Decreto, e a inaplicación aos centros privados concertados dos seus artigos 8.6, 10.3, 12, 16.a), 37.3 e 4, 44.1.e) e g), 45.1, 46.2 e 3.

**3.** A previsión das sentenzas referenciadas en relación cos artigos 7.5 do Decreto e 12 da Orde (ineficacia da solicitude) aplicarase a todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, tanto públicos como privados concertados.

**Novena.-** Unha vez que realice a baremación das solicitudes, e en todo caso antes do 30 de abril, o centro publicará no seu taboleiro de anuncios a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, mediante listaxes ordenadas por puntuación, que permanecerán no centro ata o día do inicio do novo curso.

En aplicación da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, dado que as listaxes poden conter datos que afectan á intimidade persoal ou familiar do alumnado, nelas só constará a puntuación total obtida.

Na secretaría do centro educativo, estarán as listaxes nas que conste a puntuación asignada a cada alumna/o polos distintos criterios establecidos no baremo, segundo o artigo 35.1 da Orde. Estas listaxes poderán ser consultadas polos que teñan a condición de interesados no procedemento, de conformidade co artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A listaxe provisional poderá ser obxecto de reclamación, no prazo de 5 días hábiles, ante o consello escolar ou ante a titularidade do centro privado concertado, que resolverán no prazo dos cinco días hábiles seguintes, publicando a listaxe definitiva.

**Décima.-** En cumprimento do artigo 34.3 da Orde, o próximo día 1 de marzo, ás 12 horas, celebrarase na sala de xuntas B da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela, o sorteo público que extraeranse dúas letras de prioridade do primeiro e segundo apelido, e que resolverá o posible desempate das puntuacións finais. Neste punto, resultan de aplicación as aclaracións das instrucións ditadas por esta dirección xeral con data 15 de marzo de 2011.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2012

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez